



# Concello de Foz

## III CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO "JOSÉ LUIS LÓPEZ LORENZO - O POTO"

17º

Os premios consistirán en:

- Primeiro Premio á mellor representación: Trofeo e xira polo Concello de Foz para realizar representacións da obra gañadora.
- Segundo Premio á mellor representación: Trofeo
- Premio á Mellor Dirección: Trofeo
- Premio ao Mellor Guión orixinal: Trofeo
- Premio á Mellor Actriz: Trofeo
- Premio ao Mellor Actor: Trofeo
- Premio á Mellor posta en escea: Trofeo

18º

Os grupos propoñerán os nomes dos seus integrantes que aspiren a os premios á Mellor Actriz, Mellor Actor.

19ª

Calquera premio poderá ser declarado deserto, si así o estiman os membros do Xurado, cuxas decisións serán inapelables. Os premios no poderán ser compartidos.

20º

O Xurado resérvase o dereito de poder outorgar Mencións especiais, por diferentes conceptos, si así o estima oportuno.

21º

Non se manterá correspondencia acerca das decisións do Xurado.

22º

A todos os grupos asistentes aboaránselles 400€ pola súa asistencia en concepto de desprazamento, montaxe... debendo presentar a correspondente factura oficial.

23º

Os labores de carga/descarga e montaxe/desmontaxe de decorados e escenografía serán realizadas integramente por persoal do Grupo participante.

24º

A organización NON FACILITARÁ elementos escenográficos de ningún tipo.

25º

O persoal técnico que se poña a disposición dos grupos participantes non está obrigado a realizar ningún traballo de carga ou descarga, nin de orientación de focos, nin de colocación de escenografía, que son tarefas que deben asumir os grupos participantes.

26º

Os posibles danos materiais, persoais ou accidentais que se poidan producir a causa das representacións, serán responsabilidade exclusiva de cada grupo participante. A este respecto deberán aportar a contratación de un Seguro de Responsabilidade Civil que cubra calquera incidencia da representación.

27º

A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade, quedando facultada a organización para resolver calquera imprevisto, así como modificar calquera punto das presentes Bases.

28º

Para requirir calquera información respecto a o Certame, poderase chamar á Delegación de Cultura do Concello de Foz: 982 140 027

# III CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO

## "JOSÉ LUIS LÓPEZ LORENZO - O POTO"



Concello  
de Foz

06, 07, 08, 14, 15, 16  
XUÑO 2024 FOZ



# III CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO "JOSÉ LUIS LÓPEZ LORENZO - O POTO"

Concello de Foz



1º

A Concellería de Cultura do Concello de Foz (Lugo) convoca o III CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO "JOSÉ LUÍS LÓPEZ LORENZO - O POTO".

2º

O Certame de Teatro Afeccionado celebrárase en Foz os días 06-07-08 e 14-15-16 de xuño de 2024.

3º

Poderán participar todos os grupos de teatro de ámbito rexional, nacional ou internacional que o desexen, que estean constituídos legalmente como Asociacións Culturais, sen ánimo de lucro e dispoñan do correspondente Código de Identificación Fiscal. NON PODERÁN PARTICIPAR ENTIDADES QUE NON REÚNAN ESTOS REQUISITOS

4º

Os grupos interesados en participar deberán enviar no prazo previsto nestas bases, a seguinte documentación, exclusivamente en formato dixital mediante envío por rexistro electrónico do Concello de Foz:

- Ficha de inscrición que aparece na páxina web do Concello.
- Copia en formato PDF ou JPG do CIF do grupo ou compañía
- Copia en formato PDF o JPG da declaración da exención de I.V.A., Carácter Social da Asociación, o no seu defecto, Declaración Xurada do representante de que a entidade non ten ánimo de lucro.
- Historial do grupo en formato WORD o PDF ou enlace á súa visualización en Internet.
- Autorización, no seu caso, de la Sociedade Xeneral de Autores para representar la obra (si se é seleccionado).
- Ficha técnica da obra

- Enlace ao vídeo completo da obra, DVD ou pendrive coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso.

- Fotografías da representación, en formato PDF ou JPG e críticas de prensa si as houbera.

5º

A solicitude e a posibilidade de visualizar a copia íntegra da obra en Internet ou por envío de DVD ou pen, serán imprescindibles para aceptar a inscrición do grupo.

6º

A dirección de correo electrónico para envío da documentación por vía dixital é:

[www.concellodefz.gal](http://www.concellodefz.gal)

*Acceso a Sede electrónica*

*Educación Cultura e Deportes*

<https://concellodefz.sedelectronica.es/dossier.1>

7º

A omisión de algún destes requisitos excluírá automaticamente a o grupo do proceso de selección.

8º

O prazo de presentación das solicitudes rematará a os 30 días naturais contados dende o día seguinte da publicación destas bases na web do Concello.

9º

Cada grupo presentará a concurso unha obra e a organización realizará un proceso previo de selección admitíndose calquera tipo de xénero.

10º

Todas as representacións serán preferentemente en galego aínda que os grupos que veñan de fora de Galicia poderán facelo en español ou noutro idioma si a organización así o decide.

11º

As representacións realizaranse preferentemente no Salón de Actos da Casa da Cultura de Foz, podendo realizarse na Sala Bahía se as condicións técnicas do espectáculo así o requirisen ou en calquera outro sitio que a organización adapte para tal fin.

12º

As características básicas dos espazos escénicos onde van ter lugar as representacións son os seguintes:

> Sala Bahía

*Teatro á italiana: boca:*

*ancho 10m; alto 5,27m; fondo: 8m*

*Cámara negra: Si Telón: Si*

*Camerinos: 1 común*

*Iluminación: Básica Son: Non*

> Casa da Cultura

*Teatro á italiana: boca: ancho 9,00m dos que casi 6,40m son centrais de gravata e 1,70m por cada lado para escaleiras acceso escenario; alto: 3m; fondo: 3m nos 6,40m de gravata e 2,50m nos laterais*

*Cámara negra: Si (sen paso por detrás da cámara)*

*Telón: Si Camerinos: Si*

*Iluminación: Básica Son: Mesa de son*

13ª

A xestión e pago dos dereitos de autor que poidan corresponder da Sociedade Xeral de Autores de España, correrán a cargo da organización do certame.

14º

As obras que se envíen, en caso de ser seleccionadas, deberán ser representadas sen cambios de texto con respecto ao enviado.

A modificación dalgunha das súas partes, tanto omisións como engadidos sobre o texto enviado, pode ser causa de descalificación, así como a supresión ou cambio de actores ou actrices participantes, segundo a documentación recibida na solicitude de participación.

En caso dalgún cambio deberá ser comunicado e contar coa aprobación da Organización.

15ª

## O Xurado do Comité de Selección

O Xurado do Comité de Selección estará constituído pola Concelleira de Cultura do Concello, e 3 persoas que a Delegación de Cultura designe. Elixindo en total 6 obras en base á documentación recibida e deixando algunha máis en reserva. Unha vez finalizado o prazo de presentación, o xurado comunicará no prazo dun mes as compañías seleccionadas para participar no certame.

Unha vez realizada a selección, o Comité de Selección comunicará o resultado da mesma a todos os grupos, seleccionados e non seleccionados, A TRAVÉS DE CORREO ELECTRÓNICO e PÁXINA WEB. Os grupos seleccionados, así como os grupos reservas, deberán confirmar a súa participación no Certame, subscribindo o correspondente compromiso coa Comisión Organizadora nun prazo de CINCO DÍAS, contados a partir da data de recepción da Acta de Selección.

16ª

## O Xurado do Certame

O público puntuará á saída de cada unha das obras e valolara nunha fichas distribuídas para tal fin. O valor do público supoñerá un 50% da puntuación e o outro 50% será puntuado por un xurado composto pola Concelleira de Cultura do Concello e 3 persoas que a Concellería desine.